



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

REGULAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

CAPÍTULO I

Regras xerais de uso

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto deste regulamento a ordenación da utilización das instalacións deportivas municipais destinados ó servizo público deportivo.

Artigo 2.- Forma de xestión

As instalacións deportivas serán xestionados directamente pola corporación, sen órgano especial de administración.

Artigo 3.- Natureza xurídica das pistas polideportivas

Os inmobles das instalacións deportivas son bens de dominio público e figuran inscritos con ese carácter no Inventario de bens do Concello de Mondariz Balneario.

Artigo 4.- Destino ó uso deportivo

Como norma xeral, as instalacións deportivas destinaranse á práctica de toda clase de actividades deportivas, competicións e espectáculos de natureza deportiva ou de lecer, sen prexuízo de utilizalas ocasionalmente para a realización doutras manifestacións artísticas, culturais, sociais ou de relevo para a comunidade.

Artigo 5.- Actividades nas instalacións deportivas

1. En concreto, as instalacións deportivas poderanse utilizar para os seguintes actos:

a) Actividades, competicións e espectáculos deportivos de baloncesto, balonmán, balonvolea, fútbol-sala, ximnasia, tenis, hóckey a patíns, probas atléticas e calquera outra modalidade deportiva recoñecida que se axeite ás características das instalacións.

b) Actividades e espectáculos de carácter mixto nos que os seus aspectos artísticos ou culturais excedan do estritamente deportivo.

c) Acontecementos de natureza exclusivamente artística, cultural ou



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

festiva.

d) Actos públicos non incluídos en ningunha das liñas anteriores e que sexan de interese xeral. Neste suposto será precisa unha autorización específica da Alcaldía para cada caso.

2. En todo caso, cando a utilización non sexa estritamente deportiva será preceptivo protexer adecuadamente as pistas polideportivas para evitar o seu deterioro. Sen o cumprimento deste requisito non se poderán realizar actividades non deportivas

CAPÍTULO II

Competencias e funcións

Artigo 6.- Competencia para autorización de actos non deportivos

1. A Alcaldía ou, por delegación, a Xunta de Goberno Local do Concello é o órgano competente para autorizar ou denega-las solicitudes de utilización das instalacións deportivas recollidas nas liñas c) e d) do artigo anterior.

2. Cando por delegación sexa competente a Xunta de Goberno Local e entre a data de presentación da solicitude e a celebración do acto de que se trate non cadre unha sesión ordinaria desta, o órgano competente para resolver sobre o pedimento de autorización será a Alcaldía, ou, por delegación desta, o concelleiro delegado de deportes.

Artigo 7.- Competencia para a autorización de actos deportivos ou mixtos

A Alcaldía, ou por delegación dela o concelleiro delegado de deportes, será competente para resolve-los pedimentos de autorización para os actos previstos nas liñas a) e b) do artigo quinto e para tramitar e impo-las sancións que correspondan por infraccións ás normas do presente regulamento, a non ser que a Alcaldía delegue a devandita facultade na Xunta de Goberno Local.

Artigo 8.- Motivación da denegación de autorización

As denegacións de autorizacións para actos incluídos no artigo quinto serán motivadas

Artigo 9.- Competencias do Pleno da Corporación

Son competencias do Pleno da Corporación

a) aprobación, modificación e derogación deste regulamento;



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- b) aprobación das directrices anuais de utilización das instalacións deportivas, se estas se establecesen e
- c) aprobación da programación deportiva anual, por proposta da Alcaldía, se esta se establecese.

Artigo 10.- Competencias da Alcaldía delegables no concelleiro delegado de deportes.

A Alcaldía pode delegar no concelleiro delegado de deportes as seguintes competencias:

- a) A redacción do proxecto de utilización das instalacións deportivas.
- b) A elaboración dos informes que lle solicite a Alcaldía, a Xunta de Goberno Local ou o Pleno da Corporación.
- c) O establecemento de directrices para o horario de utilización das instalacións deportivas.
- d) A proposición de convenios coas asociacións e entidades deportivas sobre utilización das instalacións deportivas.
- e) A resolución das incidencias ordinarias que xurdan na xestión das instalacións deportivas e dictar normas ordinarias de uso das instalacións.
- f) A resolución sobre pedimentos de autorización para os usos recollidos nos apartados a) e b) do artigo 5, por delegación da Alcaldía.

Artigo 11.- Funcións do encargado das instalacións deportivas.

O encargado das instalacións deportivas terá as seguintes funcións:

- a) Custodia-lo inmobile, as súas instalacións e elementos integrantes.
- b) Abrir e pecha-las instalacións deportivas e mante-la orde dentro delas durante a celebración das actuacións.
- c) Realizar labores de mantemento, conservación, limpeza, e vixilancia das instalacións e amaña-las pequenas avarías ou desperfectos que se rexistren.
- d) Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamento das pistas polideportivas.
- e) Elabora-lo horario de utilización das pistas polideportivas consonte ás instrucións do concelleiro delegado.
- f) Resolve-las incidencias que se produzan na preparación e desenvolvemento das actividades da pista.
- g) Cumpri-las ordes e instrucións que lle dean o concelleiro delegado e a Alcaldía no ámbito das súas funcións.
- h) Comunicarlle ó Concello as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan ou as infraccións que se cometan nas instalacións das instalacións deportivas.

CAPÍTULO III



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Dereitos e obrigas dos usuarios

Artigo 12.- Dereito de uso

1. Tódolos cidadáns teñen dereito a accederen e a usaren as instalacións das pistas polideportivas en condicións de igualdade, con suxeición ós principios democráticos de convivencia, ás normas que contén este regulamento e ás instrucións que na súa execución dicten as autoridades municipais e o persoal encargado da xestión do servizo.

2. O dereito de uso tamén se axustará ás condicións da autorización municipal e ós horarios aprobados regulamentariamente.

Artigo 13.- Obrigas e responsabilidades dos usuarios

1. Os usuarios teñen a obriga de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e deben respecta-las normas sobre o uso adecuado do equipamento e da moblaxe das instalacións deportivas.

2. As avarías, danos ou perdas que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia da súa utilización impropia ou negligente darán lugar á responsabilidade por parte do seu autor ou autores, que lle/s será esixida polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo iso sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.

Artigo 14.- Prohibicións

1. Está prohibido o consumo de calquera tipo de bebidas ou de comidas nas pistas e nos vestiarios.

2. Tamén está prohibido fumar e posuír ou consumir bebidas alcohólicas en calquera das instalacións da pista polideportiva.

Artigo 15.- Vestiario deportivo

É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para o adestramento ou para a práctica de actividades desa natureza nas instalacións deportivas. En especial, non se permitirá o acceso á pista sen o calzado axeitado.

CAPÍTULO IV



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Autorizacións e horarios

Artigo 16.- Elaboración do horario

O horario de utilización da pista polideportiva será elaborado polo Concello, previo pedimento de autorización por parte dos equipos ou persoas interesadas. O cadro do horario semanal estará exposto ó público nos taboleiros de anuncios da casa do concello e da propia pista polideportiva.

Artigo 17.- Normas de elaboración de horario

1. Como regra xeral, os sábados e domingos resérvanse para competicións deportivas, con suxeición á programación do curso escolar ou tempada deportiva.

2. O horario de utilización normal da pista será o seguinte:

-O horario será establecido pola Alcaldía ou, por delegación, polo concelleiro delegado, tendo en conta as solicitudes de uso habituais e as diferentes épocas do ano.

- Nos convenios ós que chegue o concello con equipos, clubs e asociacións deportivas, terase en conta a necesidade de deixar horas libres para posibilita-la utilización da pista por persoas ou grupos de persoas que non se acolleron a ningún acordo.

3. O Concello pode introducir modificacións nos horarios aprobados cando razóns de interese público o esixan. Tal continxencia seralles notificada ós afectados.

Artigo 18.- Tramitación de solicitudes

1. A tramitación de solicitudes de autorización será a seguinte:

a) Solicitarase cunha semana de antelación a ocupación das instalacións deportivas.

b) En períodos en que se estean a celebrar competicións, o Concello poderá habilitar máis días para a presentación de solicitudes de autorización.

c) Os centros escolares teñen preferencia para a utilización da pista polideportiva durante o horario que será sinalado polo concelleiro-delegado de deportes.

d) Os equipos, clubs e asociacións deportivas do municipio teñen preferencia sobre as persoas individuais e sobre os equipos de fóra do municipio.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

e) En horario escolar terán preferencia exclusiva os escolares dos colexios públicos do Concello de Mondariz-Balneario.

2. Para os efectos previstos no apartado d) da liña anterior, os citados colectivos deberanse inscribir nun rexistro municipal no que constarán a súa denominación, as modalidades deportivas que practique, o nome e apelidos dos seus compoñentes e o nome, apelidos, enderezo postal e teléfono do seu representante ante o concello.

Artigo 19.- Anulación de reserva de uso

1. O usuario que estea autorizado para a utilización da instalacións deportivas pista, e que por xurdir unha causa xustificada non vaia facer uso del, deberá adverti-lo cunha antelación mínima de 48 horas, agás en caso de forza maior. Se dá o aviso cunha antelación menor, a devandita persoa ou colectivo perderá o dereito a utiliza-la pista durante unha semana, e se non avisa perderá aquel dereito por un período de dúas semanas.

2. A reincidencia nas faltas previstas na liña anterior suporá a perda do dereito de utilización da pista polideportiva por un período de ata un mes.

3. Non se permite a cesión do uso da pista a terceiros, a non ser coa autorización expresa da Alcaldía ou, no seu caso, do concelleiro-delegado de deportes.

Artigo 20.- Aboamento da taxa

Os usuarios están obrigados ó aboamento das tarifas da taxa de utilización das pistas polideportivas, aprobadas polo Pleno da Corporación, ó presentaren a solicitude de autorización, a non ser nos casos en que proceda a súa bonificación ou o uso de balde.

CAPÍTULO V

Normas especiais para os clubs

Artigo 21.- Responsabilidades

Os clubs, entidades ou asociacións deportivas ós que pertencen os autores dos danos ou perdas que se causen nas instalacións deportivas son solidariamente responsables con eles dos mesmos.

Artigo 22.- Inexistencia de dereitos adquiridos

O uso das instalacións durante unha ou máis tempadas non comporta ningún dereito adquirido para as seguintes.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Artigo 23.- Persoal auxiliar

Os clubs, entidades e asociacións deportivas son responsables de que durante o adestramento e os partidos estea nos banquiños ou na pista o persoal que corresponda.

Artigo 24.- Vestiario

Cada equipo usará os vestiarios que se lle asignen.

Artigo 25.- Profesores e adestradores dos equipos escolares

Os equipos escolares deberán ir acompañados polos profesores ou adestradores que lles correspondan.

Artigo 26.- Publicidade

O club ou asociación ó que se lle permita a colocación de publicidade durante un partido ou competición deberá retirala cando finalice.

CAPÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 27.- Infraccións e sancións

1. A Alcaldía, ou por delegación dela a Xunta de Goberno Local, sancionará, -tras darlles audiencia ós interesados- a aqueles usuarios que infrinxan as normas contidas neste regulamento, que perturben ou alteren a orde pública, que causen danos nas instalacións ou que, de palabra ou obra, lles falten ó respecto ós outros usuarios.

As sancións serán as de amoestación pública e/ou multa de 6,00 a 30,00 €, e cando se trate de infraccións de carácter grave poderase prohibi-lo acceso ás pistas por un período que irá dun mes a un ano. Todo iso sen prexuízo da esixencia das responsabilidades civís ou doutra natureza que procedan.

2. Para gradua-la contía da sanción atenderase á gravidade da infracción, á culpabilidade do autor, á entidade dos prexuízos causados ó Concello ou a terceiras persoas e á reiteración por parte do responsable.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Aprobado polo Pleno do Concello de Mondariz Balneario en fecha do 30 de abril do 2004

Publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en fecha do 23 de xullo do 2004 (B.O.P.Núm. 141)